



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2023.00455

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS APARELLOS ELEVADORES DOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00455**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 20 de marzo de 2024 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Arquitectura e Mantemento con data 3 de novembro de 2023, para a contratación dos SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS APARELLOS ELEVADORES DOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: Un ano, dende o 16 de outubro de 2024, ou dende o día seguinte á data de formalización en documento administrativo, se fose posterior. A vixencia do contrato poderá prorrogarse anualmente até un máximo de tres anos máis.

1.3. Orzamento:

concepto	presuposto anual sen IVE	IVE	presuposto anual IVE incluído
Parte fxja	30.488,59	6.402,60	36.891,19
Parte variable	50.000,00	10.500,00	60.500,00
<b>total presuposto anual</b>	<b>80.488,59</b>	<b>16.902,60</b>	<b>97.391,19</b>

1.4. Valor estimado: 366.467,39 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

parte fixa			
Inmoble	partida	número de operación	2025 (4 trimestres)
Palacio Provincial	0420/93362/213	RCP 220249000249	11.202,56
Edificio Riego de Auga	0420/93363/213	RCP 220249000250	2.961,60
Conservatorio Profesional de Danza	0420/3261/213	RCP 220249000251	1.030,12
Teatro Colón	0420/3335/213	RCP 220249000252	2.575,30
Hogar Infantil Emilio Romay	0420/23112/213	RCP 220249000253	3.154,74

Edificio O Milagrosa	0420/93368/213	RCP 220249000254	1.030,12
Instituto de Ensino Secundario Rafael Puga Ramón	0420/3242/213	RCP 220249000255	901,36
Archivo Provincial	0420/33221/213	RCP 220249000256	450,68
Imprenta Provincial	0420/92012/213	RCP 220249000257	1.352,03
Centro Rosalía Mera	0420/93365/213	RCP 220249000258	3.862,95
Edificio Administrativo	0420/93364/213	RCP 220249000259	3.090,36
Pazo de Mariñán	0420/93366/213	RCP 220249000260	1.352,03
Centro de día de menores de Ferrol	0420/23113/213	RCP 220249000261	1.802,71
Centro Etnogáfico Teixeira	0420/3336/213	RCP 220249000262	901,36
Torres do Allo	0420/3363/213	RCP 220249000263	450,68
Pazo de Arenaza	0520/24100/213	RCP 220249000264	772,59
<b>Total anual parte fixa</b>			<b>36.891,19</b>

<b>Parte variable</b>			
<b>Imputación</b>	<b>partida</b>	<b>número de operación</b>	<b>2025</b>
Arquitectura e Mantemento	0420/93341/213	RCP 220249000265	60.500,00
<b>Total anual parte variable</b>			<b>60.500,00</b>

Por tratarse dun contrato que estenderá os efectos ao vindeiro exercicio, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as sucesivas anualidades e prórrogas.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, suxeito a regulación harmonizada.